

Madonna à 'n sé vertute con valore
Estudios en homenaje a Isabel González

EDICIÓN A CARGO DE
Carmen F. Blanco Valdés
Ana M^a Domínguez Ferro

CON LA COLABORACIÓN DE
Benedict Buono
M^a Consuelo de Frutos Martínez
Javier Gutiérrez Carou
Cristina Marchisio
M^a Teresa Sanmarco Bande

2016
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
UNIVERSIDAD DE CÓRDOBA

Madonna à n sé vertute con valore : estudos en homenaxe a Isabel González / edición a cargo de Carmen F. Blanco Valdés, Ana M^a Domínguez Ferro ; con la colaboración de Benedict Buono, M^a Consuelo de Frutos Martínez, Javier Gutiérrez Carou, Cristina Marchisio, M^a Teresa Sanmarco Bande. – Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico; Córdoba : UCO Press, Editorial Universidad de Córdoba, 2016

544 p. ; 24 cm. – (Homenaxes (Universidade de Santiago de Compostela))

D.L. C 158-2016. – ISBN: 978-84-16533-57-2 (Universidade de Santiago de Compostela). – ISBN: 978-84-9927-215-3 (Universidad de Córdoba)

1. Filoloxía 2. Literatura medieval 3. Literatura italiana I. Blanco Valdés, Carmen F., ed. lit. II. Domínguez Ferro, Ana María, ed. lit. III. Buono, Benedict, col. IV. Frutos Martínez, M^a Consuelo de, col. V. Gutiérrez Carou, Javier, col. VI. Marchisio, Cristina, col. VII. Sanmarco Bande, María Teresa, col. VIII. Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, ed. IX. UCO Press, Editorial Universidad de Córdoba, ed.

80

82.09°04/14”

821.131.1.09

Todos los artículos incluidos en este volumen
han sido sometidos a un proceso de evaluación por expertos independientes

A edición deste volume contou cunha subvención da
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia
e de FEDER, Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



FEDER - FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA

© Universidade de Santiago de Compostela, 2016

©Universidad de Córdoba, 2016

Edición técnica

Servizo de Publicacións
e Intercambio Científico
Universidade de Santiago de Compostela
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela

Imprime

Imprenta Universitaria
Universidade de Santiago de Compostela
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela

Dep. Legal: C 158-2016

ISBN 978-84-16533-57-2 (Universidade de Santiago de Compostela)

ISBN 978-84-9927-215-3 (Universidad de Córdoba)

Índice

Lettera a Isabel <i>Claudio Magris</i>	13
Biobibliografía de Isabel González <i>María Teresa Sanmarco Bande</i>	15
Tabula gratulatoria	31

Artículos

Xosé F. Filgueira Valverde na farrapeira lizgaira da prensa. Referencias italianas <i>Luís Alonso Girgado</i>	35
Nel noir italiano. <i>Nel cortile e poco oltre</i> , di Gianni Mattencini <i>Mercedes Arriaga Flórez</i>	47
Alabanza y ocaso de una musa: <i>Fiammetta</i> en la composición lírica boccacciana <i>Carmen F. Blanco Valdés</i>	53
Reminiscenze dantesche nel Piemonte del primo Cinquecento <i>Benedict Buono</i>	65
<i>Trabalhos e penas</i> dos trobadores galego-portugueses <i>Mercedes Brea</i>	75
La ética y su aplicación en los museos: El paradigma deontológico <i>Rosa Margarita Cacheda Barreiro</i>	89

Claudio Magris: <i>Microcosmi</i> , un «acervo indeciso de borradores contradictorios» <i>María J. Calvo Montoro</i>	99
Proyección argumental de una despedida mítica: ecos de Héctor y Andrómaca en Pío Baroja y Agustín García Calvo <i>M^a Dolores Castro Jiménez</i>	107
«Ahora se inician las epístolas pues la amistad es vieja» <i>Luis Cochón</i>	119
Dante, Cunizza da Romano e a tradición da literatura románica <i>Esther Corral Díaz</i>	131
O amigo melfitano (I) <i>José Luís Couceiro Pérez</i>	143
Studia humanitatis e sentimento regionale nella personalità e nell'opera di Manara Valgimigli <i>Renzo Cremante</i>	155
«La virtù nascosa nelle parole» (Saggio di un nuovo commento al <i>Decameron</i> : la novella I 7) <i>Alfonso D'Agostino</i>	167
Una observación sobre el «Trattato utilissimo del beneficio di Giesù Cristo Crocifisso verso i cristiani» (1543), y sobre Benedetto Fontanini da Mantova, Ambrogio Catarino Politi y Marcantonio Flaminio <i>José Manuel Díaz de Bustamante</i>	181
Religión y Razón de Estado en el teatro de Elena Bono <i>Fausto Díaz Padilla</i>	195
La risa de la dama en la Escuela poética siciliana <i>Ana M^a Domínguez Ferro</i>	211
Sobre el concepto de equivalencia entre lenguas: algunas reflexiones y propuestas <i>María José Domínguez Vázquez</i>	221

Notas para unha edición da cantiga <i>Donzela, quenquer entend[e]ria</i> de Pero D'Armea (B 1602, V 1134) <i>Francisco Fernández Campo</i>	233
Milagres para a biografía dunha raíña: santa Isabel de Portugal <i>Elvira Fidalgo</i>	243
San Francisco interpretado por tres directores italianos <i>José M^a Folgar de la Calle – Isabel Sempere Serrano</i>	255
Análisis de la novela <i>Ali di babbo</i> de la escritora sarda Milena Agus <i>M^a Consuelo de Frutos Martínez</i>	269
La <i>canzone d'autore italiana</i> : una poética <i>Manuel Gil Rovira</i>	277
La neologia mite di Mario Luzi <i>Claudio Giovanardi</i>	289
O galego, a lingua propia de Galicia <i>Manuel González González</i>	301
Ser mujer. Reflexiones sobre la identidad femenina <i>Jesús Graciliano González Miguel</i>	311
<i>La figlia del Papa</i> de Dario Fo: una novela histórica fallida <i>Vicente González Martín</i>	325
Fra «Iddio» e «iddio»: per un'approssimazione alla visione della divinità in alcune poesie di <i>Variazioni Belliche</i> di Amelia Rosselli <i>Javier Gutiérrez Carou</i>	337
Falsificación documental en la Baja Edad Media en Inglaterra <i>Luis Iglesias Rábade</i>	345
Guido, i' vorrei... Dante Alighieri, di tenzone in tenzone <i>Vincenzo Jacomuzzi</i>	357

<i>Lei dunque capirà</i> , Magris e un'Euridice del XXI secolo <i>Pedro Luis Ladrón de Guevara</i>	367
De nuevo sobre Petrarca y <i>Celestina comentada</i> (I) <i>M^a Elisa Lage Cotos</i>	379
Le vicissitudini del soggetto nella letteratura del Novecento <i>Giulia Lanciani</i>	393
Gil Perez Conde ou a sutileza do escarnio <i>Pilar Lorenzo Gradín</i>	401
Ancora su Pascoli e Manzoni (inclusioni, riprese, suggestioni) <i>Cristina Marchisio</i>	413
Aspetti della nuova narrativa italiana <i>Paulino Matas Gil</i>	421
Di che cosa fanno la critica i critici della letteratura contemporanea? <i>Nicolò Messina</i>	437
The Sensation novel and neo-victorian fiction: a note <i>Manuel F. Míguez Ben</i>	447
En los corrales de comedias. Una propuesta de identificación de las obras de teatro que Cosimo dei Medici presenciò durante su estancia en Madrid <i>Xosé A. Neira Cruz</i>	457
«Nessun maggior dolore che ricordarsi del tempo felice nella miseria» versus «Un souvenir heureux est peut-être sur terre plus vrai que le bonheur» <i>Irene Romera Pintor</i>	467
Appunti sulla lingua poetica di Arturo Graf <i>Luca Serianni</i>	475
L'Ars Nova italiana del Trecento e il codice Squarcialupi <i>Giuseppe Tavani</i>	483

El desafío de la esfinge. El enigma literario en Italia en los siglos XVI y XVII	
<i>María Dolores Valencia</i>	495
La rosa de los vientos del más antiguo comentario latino a los <i>Aforismos</i> hipocráticos	
<i>Manuel E. Vázquez Buján</i>	511
La pervivencia de la Literatura. Comparatismo, Ética y enseñanza de la lectura	
<i>Darío Villanueva</i>	525

Dante, Cunizza da Romano e a tradición da literatura románica¹

ESTHER CORRAL DÍAZ

Universidade de Santiago de Compostela

A Filoloxía Románica inicia a súa andaina como disciplina co célebre tratado *De Vulgari Eloquentia* (1304) de Dante, que establece por primeira vez unha cartografía lingüística diferente, denominada posteriormente por W. von Wartburg como «Romania». O poeta florentino catalogaba o dominio lingüístico do seu redor segundo a fórmula adoptada para afirmar². A débeda da Filoloxía Románica e, en concreto, dunha das súas disciplinas —a literatura medieval— continúa, por suposto, coa obra de Dante en vulgar, no seu afán de crear un «volgare illustre» italiano que rivalizara co latín, a variedade «alta» e a lingua franca dos «doctos», así como na creación da «poesía nacional de su país y con ello dió paso al mismo tiempo al estilo poético elevado de Europa», segundo sinala Auerbach (2008: 163).

1 Este traballo enmárcase no Proxecto FFI2014-55628-P, titulado «Voces de mujeres en la Edad Media: realidad y ficción (siglos XII-XIV)» e financiado polo Ministerio de Economía y Competitividad.

2 Dante escribe: «totum vero quod in Europa restat ab istis, tertium tenuit ydioma, licetnunc tripharium videatur: nam alii oc, alii oïl, alii sî affirmando locuntur, ut puta Yspani, Franci et Latini. (I viii 5)» ‘todo o que queda en Europa a partir destas rexións gardou un terceiro idioma, e, aínda que parece hoxe triforme: pois uns din *oc*, outros *oïl*, outros *sî*, para afirmar, sexa respectivamente Hispánicos, Francos e xentes do Latium’ (a tradución é nosa) (Gally 2010: 110).

Isabel González dá a coñecer esta *auctoritas* das letras italianas e da literatura universal a través da tradución e do achegamento a dúas obras emblemáticas do poeta florentino. No 2000 publica *Vita Nuova (nueva lectura)*, na que se mergulla no *prosimetrum* no que Dante chega «a lo más profundo de la filosofía *stilnovista*» (González 2000: 9), e sete anos máis tarde, escribe unha guía á *Commedia*.

Como homenaxe á que foi unha das profesoras da que gardamos un recordo máis entrañable e á nosa compañeira que con tanta xenerosidade sempre nos axudou e aconsellou en diferentes momentos da nosa vida académica (e da nosa vida persoal), fixaremos a nosa contribución nesta última obra dantesca e nun personaxe feminino concreto que, ademais, foi especialmente relevante no ambiente literario italiano do século XIII, Cunizza da Romano, á que Dante, no c. IX do *Paradiso*, sitúa no ceo do Venus a pesar de ser unha muller que gozou dunha intensa vida amorosa: «una sorta di nuova Maddalena, che nell'ultima fase della vita passò dall'amore folle e sensuale a quello divino» (Pirovano 2007: 13).

1. Antes de estudar a figura desta dama véneta, permítasenos facer unha sucinta incursión na representación das mulleres no universo da *Commedia*. Se deixamos a un lado a Beatriz, a presenza feminina no complexo e intricado mundo desta obra dantesca non é especialmente relevante³, relegada polo protagonismo dos personaxes masculinos. Sen embargo, algunhas donas sobresaen con certa notoriedade e incluso cun innegable prestixio. Por suposto que a filla de Folco Portinari (1266-1290) ocupa a máis elevada posición na xerarquía feminina terreal dantesca recordemos que o desexo de glorificala guía toda a obra González 2007: 16)⁴. O poeta, ante a «visión» de Beatriz aos nove anos, cae inmediatamente namorado dela, ao igual que os trovadores que proclamaban o amor que entraba polos ollos despois de «ver» a súa dama. A amada morre con só 24 anos e a partir de aquí toda a obra queda transfigurada pola súa presenza / ausencia que configurará o devir literario de Dante, pois o amor que sente por ela provoca

3 No cómputo realizado por Delmay dos personaxes citados nesta obra dantesca contabilízanse 364 actantes, dos cales 128 falan e 236 están só presentes. A maioría destes forman parte dos espíritos que Dante atopa no *Inferno* —210—, seguidos polos beatos —88— e polos que están aínda purgando as faltas —66— (1986: XIX). Seguimos a edición de Petrocchi 1994 para a *Commedia*.

4 «In realtà B. è in D. un elemento di fondo, un grande 'mito', accanto agli altri (pochi e persistenti), che s'affonda nella coscienza popolare del Medioevo, prima ancora che letteraria: *la donna come iter ad Deum* [...]. B. non è solo 'simbolo' totale, risultanza di infinite e particolari raffigurazioni di scene globali (e si pensi alla processione trionfale nel Paradiso terrestre) o di scorci cenni e accenni minori, ma è anche segno tangibile di un'unità costruttiva organizzatrice e accentratrice della mente di D., entro la *Commedia* e fuori» sinala Vallone 1970:542 (o suliñado é noso).

unha renovación espiritual que o acompañará sempre⁵. No *Purgatorio* a figura de Beatriz adquire máis complexidade como *imago* do símbolo da fe e da teoloxía racional e como guía que conduce ao poeta ata o final da súa viaxe (a partir do c. XXX, en substitución do poeta latino e durante unha trintena de cantos).

As outras donas que desfilan pola *Commedia* ofrecen unha tipoloxía diversa e proceden de fontes variadas (mitoloxía grega, Biblia, mulleres históricas da Antigüidade, do seu tempo, etc.), cunha funcionalidade e importancia tamén diferentes. Non podemos deixar de mencionar neste sentido a protección que lle brindan a Dante na súa perigrinación, no c. II do *Inf.*, as tres «*donne benedette*» que o amparan no momento en que dubida seriamente en proseguir o seu periplo, ao considerar que non tiña os méritos suficientes daqueles a quen a gracia divina concedeu realizar a viaxe antes ca el (Eneas e Paulo): á parte de Beatriz, aparece a Virxe, que tamén o viu en perigo e lle encargou a outra figura celestial, Santa Lucía, que o protexa⁶.

Francesca da Rimini, a primeira dona coa que Dante establece un longo diálogo na *Commedia* (*Inf.* V), é interesante para o noso estudo pola relación que garda con Cunizza da Romano. Francesca protagoniza xunto a Paolo Malatesta unha desgraciada historia de amor⁷. Como Cunizza, sofre e protagoniza uns célebres sucesos pasionais, aínda que o final de ambas será ben diferente: Francesca vai ser condenada ás profundidades do Ades, mentres que a nobre véneta é salvada polas influencias celestes no terceiro ceo⁸.

Despois de pasar polos reinos do *Inferno* e do *Purgatorio*, Dante comeza a ascensión ao *Paradiso*, no que residen Deus, os xustos e as cortes anxélicas para gozar da felicidade eterna. Dúas mulleres marcadas pola súa relación co mundo

5 O interese que a esexese dantesca e a crítica mostraron cara á figura de Beatriz foi e é inmensa (como guía, personaxe, función, temática, significación, etc.). A bibliografía e as interpretacións son inxentes, máis que calquera outro personaxe ou que calquera aspecto da obra de Dante. Un estudo magnífico sobre a súa presenza ao longo da obra de Dante pode consultarse en Bologna 1998.

6 «Las tres mujeres tienen un claro valor simbólico: la Virgen María, la Gracia anunciante; Santa Lucía, la Gracia iluminante y Beatriz, la Gracia operante» (González 2007: 40).

7 Sobre este personaxe, vid. Barolini 2000 e Renzi 2007. Recordemos que no *Inferno* as mulleres son dominadas pola paixón sensual ou son mulleres oprimidas por un amor desenfreado.

8 «La forza che operò in Francesca è identica a quella che ha mosso Cunizza; in ambedue i casi infatti si è vista in azione una stessa carica passionale. Gli esiti divaricanti delle due carriere esistenziali, negativo per Francesca, positivo per Cunizza, non vogliono tanto significare che la seconda si sia ravveduta o convertita [...] quanto, più profondamente, che l'Oggetto nel quale si esaurisce la carica amorosa è stato gloriosamente identificato in un caso e tragicamente alienato nell'altro» (Picone 1981-83: 48).

espiritual saen ao seu encontro no ceo da Lúa, a esfera máis baixa e menos luminosa (*Pd.* III): Piccarda Donati, irmá de Forese Donati e monxa por vocación, secuestrada do Mosteiro de Santa Clara por orde de Corso e obrigada a casar con este, e Costanza d'Altavilla, filla de Ruggero II de Sicilia e da súa terceira muller Beatriz de Rethel, tamén forzada ao matrimonio con Enrique VI de Svevia, segundo dá a entender Dante (desta unión nace Federico II) (*Pd.* III, 105-120).

Tras estas dúas almas femininas que sufriron en vida as penalidades de non poder profesar a vida relixiosa en contra da súa vontade, as seguintes mulleres que percorren o *regnum caelorum* aparecen no círculo de Venus (catro cantos máis adiante). Hai que ter en conta que a estrutura moral do *Paradiso* está ligada a planetas que exercen a súa influencia sobre o home e neste caso, en particular, é Venus quen marca a vida das persoas relacionadas co amor e os praceres mundanos. Ao inicio do canto VIII, Dante pon de manifesto que «solea creder lo mondo» (v. 1) que Venus irradia un «fole amore» ('amor sensual') como acontece nos relatos antigos (e cita varios destes), cando Venus inflúe como os outros astros sobre os homes, pero as intelixencias anxélicas que presiden este ceo inspiran o amor recto, a virtude (Padoan *et alii* 1970: 921-922). O principal valor deste amor é precisamente esa virtude, por iso as almas que aquí deambulan, aínda que foron dominadas pola *cupiditas*, agora poden vagar no *regnum caelorum* e non no Limbo, como se agardaría nun principio.

2. Centrándonos na análise do c. IX do *Paradiso* no que aparece Cunizza, cómpre advertir que os dous cantos dedicados a Venus (VIII-IX) constitúen dous episodios principais do *iter* celeste dantesco e están marcados por unha liña de estreita continuidade, pois o exordio do c. IX comeza coa profecía de Carlos Martel, que remata o encontro deste personaxe con Dante (Pirovano 2009: 1)⁹. A súa morte prematura levará ao poder a seu irmán, Roberto d'Anjou, ao que o poeta florentino critica ferozmente como soberano avaro e incompetente. Nestes primeiros tercetos do c. IX conxúgase o plano directo do coloquio¹⁰ e o plano

9 Este príncipe anxevino é fillo de Carlos II d'Anjou e herdeiro do Condado de Provenza, do reino de Nápoles, Hungría e Sicilia. Na obra de Dante ilustra o modelo do príncipe xusto e sabio, ao mesmo tempo que mantén unha relación persoal co mesmo poeta, pois únelle a el un vivo afecto persoal e unha amizade que durará ata a outra vida (*Pd.* VIII, 31-148). Este sentimento de amizade maniféstase despois dun longo período de tempo, trala experiencia política e humana das loitas florentinas e do exilio, e da composición dunha gran parte da *Commedia* (máis información en Manselli 1970: 842-843).

10 Destaca a invocación de Carlos Martel á súa amada mediante a expresión, «Bella Clemenza», como recurso para enfatizar a dor provocada pola morte deste, pois a adxectivación afectiva «Bella»

indirecto da narración e da descrición no que «eu» dantesco dá fe, en referencia a Carlos, de «li' nganni che ricever dovea la sua semenza» (v. 4)¹¹.

Despois deste inicio, Dante atopa os tres espíritos amantes protagonistas do canto: i) Cunizza da Romano, nobre véneta de gran beleza, que levantou gran escándalo na súa época polas súas pasións amorosas (vv. 13-63); ii) Folquet de Marselha, importante trobador occitano e bispo de Marsella (vv. 37-42, 67-108) e o único dos trobadores que Dante salva no *Paradiso*¹²; e iii) Raab, meretriz de Xericó, que foi decisiva para a conquista desta cidade por parte de Xosué, recoñecida xa no Novo Testamento e logo figura da Igrexa na tradición patristica. Estes personaxes caracterízanse por ser «amanti carnali divenuti poi amanti appasionati di Dio e operanti per lui» (Pirovano 2006: 23).

O canto resulta bastante complexo non só pola identidade dos protagonistas, senón polos motivos de factura e de comprensión múltiples¹³. Os catro personaxes que entran en escena seguen a alternancia 'home' / 'muller': Carlo, Cunizza, Folquet e Raab. O episodio de Carlos Martel ocupa curiosamente gran parte no c. VIII, concretamente 130 versos, que é o total dos versos dos outros tres espíritos que aparecen no c. IX e que, ademais, se vincula con numeroloxía significativa na obra dantesca¹⁴. Por outra parte, desde o punto de vista temático, conviven dúas liñas conceptuais. Á materia amorosa (Dante viaxa polo círculo de Venus

indica un feliz matrimonio. A apóstrofe presenta, ademais, o problema da homonimia entre a muller de Carlos (Clemenza d'Asburgo) e a súa filla (Clemenza d'Angiò), discutido pola crítica. Actualmente prevalece a hipótese de que se refire á súa dona. Sobre esta cuestión, vid. Pasquazi 1981: 3-5, e Pirovano 2009: 11.

- 11 Estes enganoso foron identificados cos problemas de sucesión derivados da falta de vocación do irmán de Carlos Martel e da usurpación do poder por parte do seu tío Carlos Roberto (Pasquazi 1981: 5-6).
- 12 Dante encontra a tres trobadores máis na súa viaxe ao Máis Alá: Bertran de Born no *Inferno*, e Sordel e Arnaut Daniel no *Purgatorio*. Este último é presentado por Guido Guinizzelli ao poeta florentino como o «miglior fabbro del parlar materno» (Pg. XXVI, 117) a pesar de estar no Limbo. A estes catro habería que sumar un quinto poeta, agachado baixo a expresión «quel di Lemosí» (ibid., v. 120), posiblemente Giraut de Bornelh (Gresti 2011: 178-179). Sen embargo, Canettieri cuestiona que o «Arnaut» que recita o terceto final en provenzal sexa Arnaut Daniel e propón a identidade de Arnaut de Maruelh (Canettieri 2009). Sobre a relación de Dante cos trobadores, vid. tamén Picone 1981-83.
- 13 Picone sinala que se trata de «una tappa fondamentale nell'itinerario ultraterreno percorso dal poeta-pellegrino alla ricerca della Parola che salva e che giustifica, della *Ratio* profonda del mondo e della storia» (Picone 1983-84: 47). Vid. sobre este canto IX os interesantes estudos de Coletti 1971 e Vallone 1990.
- 14 Concretamente co 1 e co 3, números fundamentais na teoloxía cristiá e na obra dantesca. Vid. a este respecto Pirovano 2009: 10 e a bibliografía aí recomendada.

e os protagonistas estarán estigmatizados evidentemente polo astro) súmase a polémica política que domina esta sección, con violentas invectivas e anuncios dunhas duras profecías que aconteceran nas terras de Treviso e, ademais, cun achegamento ás miserias da humanidade, de especial relevo polo contraste que implican estas ruindades coa visión estática da beatitude no Paraíso. A presenza do problema ético-político é latente ao longo de todo o canto: non só se anuncian os principais inimigos da política imperial, senón que se reflicte unha sociedade meridional decadente con desordes e sanguinarias loitas:

Cunizza non ama parlare a lungo di sé e gran parte del suo intervento si svolge nei termini d'una dissertazione politica e d'una diatriba contro un vescovo guelfo; anche Folco de Marsiglia parla più di politica che d'amore, passando dalla biblica Raab a Bonifacio VIII, a Firenze, alla cupidigia di ricchezze della Curia romana (Pasquazi 1981: 7).

3. Historia e lenda mestúranse na biografía de Cunizza da Romano¹⁵. Nace a finais do século XII, quizás no 1198. É filla de Ezzelino II (señor de Onara e Romano da Marca Trevigiana) e de Adelaida (dos condes toscanos Alberti de Mangona) e, ademais, irmá de dous nobres moi coñecidos, o vituperado tirano Ezzelino III, condenado a vagar no *Inferno* (XII,109-110) e Alberico da Romano, señor de Treviso. As noticias sobre a súa vida proceden da historiografía da época e, en concreto, Rolandino de Padova, cronista güelfo de Ezzelino III da Romano, que relata con gran detalle as súas aventuras amorosas. A súa célebre historia terá eco incluso en comentaristas importantes de Dante como Benevenuti de Imola (1330-1385). Ademais, fontes literarias relacionadas coa lírica dan conta da súa biografía: as dúas *vidas* occitanas conservadas de Sordel relatan os amores deste trobador coa dama¹⁶ e, sobre todo, certas *tensos* de *trobadors* occitanos (Refozat, Uc de Saint Circ, Joanet d'Albusson)¹⁷ que con humor e certo sarcasmo aluden ás relacións de Sordel e Cunizza e a outras aventuras desta, sobre todo, a partir da súa voda con Rizzardo di San Bonifacio, señor de Verona, en 1222.

15 «Il nome «na Conissa» potesse venir interpretato como derivativo de *con*. Il suffisso *-itz*, *-itza*, in provenzale dava al radicale la sfumatura di significato di 'incline a' [...]. Quindi «Conissa» poteva valere 'incline a usare il *con*'» (Picone 1981-83: 65). Seguimos para a biografía os estudos realizados sobre a súa figura por Puccetti 2010 e Coletti 1970.

16 Para a reprodución destes textos occitanos en prosa vid. Boutière 1950: 562-568.

17 Uc de Saint Circ, contemporáneo a Cunizza e Sordel, cita na *tenso Qui Na cuniça guerreia* con Peire Guilhem de Luserna; e o mesmo Sordel propoña como árbitro nunha *tenso* que mantén con G. de la Tor, vid. Corral 2016.

O matrimonio entre Cunizza e Rizzardo foi concertado pola familias como unha alianza política (xunto co de Zilia, irmá de Rizzardo con Ezzelino III) nun momento en que se necesitaban os pactos, e logo resentiu as consecuencias da volta das hostilidades entre ambas liñaxes pola posesión de Verona. Nese contexto dunha voda pactada produciuse «l'affaire sentimentale del seculo», en palabras de Meneghetti (1994: 204): o rapto de Cunizza por parte de Sordel. O suceso debeu de provocar unha forte conmoción na sociedade da época e acaprou a atención dos homes de letras de diferentes épocas. Existen aínda moitas incógnitas sobre a súa figura e sobre este acontecemento en concreto. A versión que relatan as dúas *Vidas* occitanas de Sordel e a Crónica de Rolandino sinalan que Sordel, instigado polos irmáns da Romano, rapta a Cunizza de casa da familia do seu home e a leva á corte estense. Agora ben, non se coñece de certo quen foi o indutor, nin se Sordel e Cunizza foron amantes¹⁸.

Despois dun tempo no que posiblemente se relacionou con Enrico da Bonio, cabaleiro de Treviso, regresa xunto a Ezzelino e casa (probablemente por intereses de novo políticos) con Naimerio o Narnerio, pertencente a unha familia influínte de Breganze, despois de 1253, ano da morte de Rizzardo. Incluso Rolandino apunta a un dubidoso terceiro matrimonio, máis tarde de 1259, cando a dona xa pasara dos sesenta anos cun nobre veronese. O certo é que á morte dos seus dous irmás —Ezzelino e Alberico— a fortuna dos Romano esmorece. Cunizza debeu abandonar a Marca e refuxiarse na Toscana despois de 1260, cerca dos seus parentes maternos, segundo mostran dous documentos notariais asinados pola propia Cunizza e datados en 1265 (ano do nacemento de Dante)¹⁹ e 1279²⁰, quizás o último da súa vida.

A alma beata de Cunizza da Romano aparece no *Paradiso* no v. 13 (c. IX) despois da intervención de Carlos Martel, nun marco de extrema felicidade e asociada á temática da 'luz', o principio arquitectónico transversal desta obra dantesca: «un altro di quelli splendori» (v. 13), una «luce» (v. 22) que emerxe «del suo profondo» (v. 23). Recordemos que a imaxe lumínica se prefigura como *topos* común no *Paradiso*, no que frecuentemente aparecen os beatos espíritos que saen

18 Vid. Boni 1959: XXIX–XXXV. Sordel aparece en tres cantos capitais do *Purgatorio* (VI, VII e VIII), vid. Bowra 1953 e Gresti 2011.

19 Neste documento concede a liberdade a criados e homes de servizo que estiveran traballando para a súa familia, acto que confirmaría, segundo Coletti, os novos sentimentos de relixiosa piedade de Cunizza (Coletti 1971: 316).

20 En 1279 redacta o seu testamento deixando seus bens ao seu neto Alberti (Puccetti 2010: 159-161).

do abismo ou /e que están rodeados dun halo de luz (Carlos Martel cargábase da luz do «Sol»)²¹. Esta fulgurante visión non se atopa estática como as figuras que emerxen no ceo da Lúa e de Mercurio, senón que «cantava» (v. 23), en movemento como o resto de ánimas do círculo de Venus (Coletti 1971: 299) e non era coñecida polo poeta («m'era ancor nova» v. 22).

Despois da «solicitud de permiso y la autorización de Beatriz» (González 2007: 401) e da intervención de Dante, que se dirixe ao «beato spirto» directamente, sen a mediación doutro personaxe, Cunizza pasa do canto á presentación con referencia ao seu lugar de nacemento na Marca Trevigiana:

In quella parte de la terra prava²²
italica che siede tra Rialto
e la fontane di Brenta e di Piava,
“si leva un colle, e non surge molt'alto,
là onde scese già una facella
che fece a la contrada un grande assalto.
(vv. 25-30).

O verdadeiro discurso de Cunizza esténdese entre os vv. 31-60: explicita que naceu «d'una radice» (v. 31)²³ e dá a coñecer o seu nome («Cunizza fui chiamata, e qui refulgo» v. 32). Das súas palabras despréndese que, a pesar do seu pasado, mantén certa indulxencia consigo mesma («a me medesima indulgo» v. 34), e que pode relatar a historia da súa vida sen restricións²⁴. Bruscamente a súa alocución

-
- 21 En relación coas imaxes lumínicas, Rubio sinala que: «no estamos solamente ante una metáfora, sino ante una de las claves que expresa la organización y el sentido último de la más alta realidad [...]. La jerarquía, el orden, las categorías de la existencia provienen de la luz» (Rubio 2002: 92). A luz, recorda Gagliardi, vertebra todo o poema: «Nell'Inferno, la struttura si regge soprattutto sull'assenza di luce; nel Purgatorio, si diffonde una gradevolissima luce naturale; en el Paradiso veniamo a contatto con una luce cosmica che si purifica sempre più, fino a trascendere verso la luce increata e soprannaturale» (Gagliardi 2011: 87). Sobre a dimensión fundamental que alcanza a luz e as imaxes relacionadas con esta na *Commedia*, vid., entre outros, Bufano et alii 1970 e Ariani 2010, centrado no *Paradiso* e con abundante bibliografía.
- 22 Nótese que o inicio coa expresión «In quella parte» aporta un sentido de distancia (Pasquazi 2011: 15) e que o adxectivo «prava» ('maligna', 'perversa'), un latinismo exclusivo da *Commedia* que se rexistra sempre en rima, anuncia a desgraza que vai abater este escenario (Lanci 1970).
- 23 O tirano Ezzelino nace da mesma raíz, pero a súa sorte é ben distinta (*Inf.* XII, 109-110). Sobre a imaxe da «radice» común aos dous irmáns, pódese consultar Coletti 1971: 315.
- 24 «La cagion de mia sorte, e non mi noia;/ che parria forse forte al vostro vulgo.» (vv. 35-36). Sobre a significación desde versos, vid. Picone 1981-1983: 66.

se interrompe para emerxer a *imago* de Folquet, que xorde tamén como unha luz no ceo de Venus e do que se pon de relevo a súa «grande fama» (v. 39), que permanecerá ao longo do tempo, un modelo de home que reconduciu a súa vida cando tomou os hábitos relixiosos para contrastar, a modo de *exemplum*, co escenario da decadencia e miseria humana da Marca (Picone 1981-83: 66).

Como acontecía con Carlos Martel, Cunizza anunciará tráxicas profecías, neste caso sobre Padova, Treviso e Feltre, núcleos importantes da Marca Trevigiana, onde ela vive a maior parte da súa vida²⁵: i) as loitas padovanas entre as xentes que «Tagliamento e Adice richiude» (v. 44) aluden a una «serie de enfrentamientos entre los güelfos de Padova y los gibelinos de Vicenza, ayudados por Cangrande della Scala» en 1314 (González 2010: 403)²⁶. As augas de Padova tinxíronse de vermello co sangue dos cidadáns en Treviso «dove Sile e Cagnan s'accompagna» (v. 49); ii) En Feltre a traición do bispo Alessandro Novello («empio suo pastor» v. 53) que entra no cárcere de por vida por entregar uns prisioneiros refuxiados en Ferrara²⁷. Os feitos históricos xa acaecidos aos que se refiren estas profecías permiten fixar o termo *post quem* da composición deste canto: en xullo de 1314 o bispo de Feltre consumou a súa «difalta» (Coletti 1971: 328).

O discurso de Cunizza remata cun terceto (vv. 61-63) a modo de conclusión que condensa o sentido das súas palabras²⁸. O misterio da xustiza divina que se reflicte nos «Troni» (v. 61) confirma a *veritas* eterna, reflectida por Deus na xerarquía anxélica²⁹.

Así pois, Cunizza é un personaxe secundario, á que Dante só lle dedica cincuenta versos no *Paradiso*. Na súa figura conviven fantasía e realidade. A fama da que gozou na Idade Media foi considerable, debido fundamentalmente á rela-

25 As profecías marcan todo o c. IX. Os tres personaxes con voz (Cunizza, Carlos Martel e Folquet) auguran traxedias (Pirovano 2007: 18). No caso de Cunizza estas son reproducidas por fortes vocábulos («genti crude», «carpir», «difalta», «sconcia», «malta», «bigoncia», «sangue», etc.) e duras imaxes (vid. n. seguinte).

26 Vid. tamén sobre a datación desta e doutras alusións Vallone 1990: 151.

27 «Troppo sarebbe larga la bigoncia / che ricevesse il sangue ferrarese, / e stanco chi 'l pesasse a oncia a oncia, / che donerà questo prete cortese» (vv. 55-58). Sobre a construción deste personaxe eclesiástico e o relato da súa historia por Dante, vid. Picone 1981-83: 69.

28 «Sù sono specchi, voi dicete Troni, / onde refulge a noi Dio giudicante; / sì che questi parlar ne paion buoni» (vv. 61-63).

29 Segundo a tradición anxelolóxica occidental iniciada con Gregorio Magno, os Tronos constitúen a orde anxélica que segue aos Serafíns e Querubíns e dos que se serve Deus para administrar xustiza. No *Paradiso* estes anxos presidirán máis tarde o ceo de Saturno e os seus espíritos contemplativos (Pirovano 2007: 19, e Coletti 1971: 324).

ción que mantivo con Sordel e ao seu paso polo *Paradiso* dantesco. As alusións trobadorescas recrean unha muller de aventuras amorosas e inclinada á paixón amorosa. A súa estadía como «beato spirto» no ceo de Venus resulta sorprendente, pero certamente que Dante, un individuo racional e sistemático, quixo destacar, por un lado, o triunfo da «virtude» nunha alma «pecadora» e, por outro lado, os desastres que asolaron a súa terra, a Marca Trevigiana. Ningún trazo físico nin moral é referido dentro desa luz, só queda a imaxe da súa luminosa beatitude –común a todas as almas do *Paradiso*–. Non esquezamos que, como sinalou Auerbach (2008: 151) no seu momento: «Dante emprendió la tarea de representar a las personas que aparecen en la *Comedia* en el momento y en el lugar de su actualidad perfecta».

Bibliografía

- Dante Alighieri, *Commedia: secondo l'antica vulgata* (1994): a cura di G. Petrocchi, 2ª ed. riveduta. Firenze: Le Lettere.
- Auerbach, E. (2008): *Dante, poeta del mundo terrenal*, trad. J. Seca. Barcelona: Acantilado.
- Ariani, M. (2010): *Lux inaccessibilis: metafore e teologia della luce nel Paradiso di Dante*. Aracne: Roma.
- Barolini, T. (2000): «Dante and Francesca da Rimini: Realpolitik, Romance, Gender» *Speculum* 75 (1), pp. 1-28.
- Bologna, C. (1998): *Il ritorno di Beatrice. Simmetrie dantesche fra Vita Nova, «Petrose» e Commedia*. Roma: Salerno Ed.
- Boni, M. (a cura di) (1954): *Sordello, le poesie*. Bologna: Libreria Antiquaria Palmaverde.
- Boutière, J. (1970): *Biographies des troubadours: textes provençaux des XIII^e et XIV^e siècles*. Toulouse: Edouard Privat.
- Bowra, C. M. (1953): «Dante and Sordello», *Comparative Literature*, 5(1), pp.1-15.
- Bufano, A. *et alii* (1970): «Luce», *Enciclopedia dantesca*, Roma: Istituto della Enciclopedia italiana (= *E.D.*), III, pp. 706-715.
- Cabada Gómez, M. (1975): *El Canto de Francesca: estructura y signo*, Tesis Univ. Complutense. Madrid, Toledo: Imp. Gómez Menor.
- Canettieri, P. (2009): *Il miglior fabbro, il men famoso Arnaldo e altre notizie dal purgatorio* [Internet]. Version 1. Paolo Canettieri, [accesible en: <https://goo.gl/1CFwec>] (consulta 12/07/2915).

- Coletti, F. (1970): «Romano, Cunizza da», *E. D.*, IV, pp. 1025-1028.
- Coletti, F. (1971): «Canto IX», in *Lectura Dantis Scaligera. Paradiso*. Firenze: Le Monnier, 1971, pp. 297-348.
- Corral Díaz, E. (2016): «Le débat *Uns amics et un'amia* de Guilhem de la Tor et Sordel dans la tradition des troubadours», *Revue des Langues Romanes*, 121 (1) (en prensa).
- Delmay, B. (1986): *I Personaggi della Divina Commedia: classificazione e registro*. Firenze: Leo S. Olschki, 1986.
- Gagliardi, M. (2011): «La luce nell'Empireo dantesco», *Alpha Omega* 14(1), pp. 87-104.
- Gally, M. (2010): *Oc, oïl, si. Les langues de la poésie entre grammaire et musique*, trad. et com. Paris: Payard.
- Genisini: «Donne nella Divina Commedia», accesible en rede: <http://goo.gl/ZPWwqh> (consulta 15/07/2015).
- González, I. (2000): *Vita Nuova (nueva lectura)*, intr., trad. y notas. Madrid: Centro de Lingüística Aplicada Atenea.
- González, I. (2007): *Guía a la lectura de la Divina Comedia*. Valencia: Institución Alfons el Magnànim.
- Gresti, P. (2011): «Dante e i trovatori: qualche riflessione», in C. Cappelletti (a cura di), *Testo. Studi di teoria e storia della letteratura e della critica. Il Centro e il cerchio. Convegno dantesco (Brescia, Università Cattolica 30-31 ottobre 2009)*. Pisa-Roma: Fabrizio Serra Editore, pp. 175-190.
- Meneghetti, M.L. (1992): *Il pubblico dei trovatori*. Torino: Einaudi, 1992.
- Lanci, A. (1970): «Pravo», *E. D.*, IV, p. 636.
- Manselli, R. (1970): «Carlo Martello d'Angio, re titolare di Ungheria», *E.D.*, I, pp. 841-843.
- Marini, M. E. (2009): «Personaggi femmili della Divina Commedia: Francesca da Rimini, Pia de'Tolomei, Piccarda Donati», accesible en rede (<http://goo.gl/22zJ08>) (consulta 17/07/2015).
- Pasquazi, S. (1981): «Il canto IX del Paradiso (Dall'amore passionale all'amore-milizia)», *Giornale Italiano di Filologia* 12 (1), pp. 3-23.
- Padoan, G. et alii (1970) «Venere», *E. D.*, V, pp. 919-923.
- Picone, M. (1981-83): «Paradiso IX. Dante, Folchetto e la diaspora trobadorica», *Medioevo Romanzo* 8 (1), pp. 46-89.
- Pirovano, D. (2009): «Lettura del canto IX del 'Paradiso», *Rivista di Letteratura Italiana* 27 (1), pp. 9-26.

- Puccetti, V. L. (2010): *Fuga in Paradiso. Storia intertestuale di Cunizza da Romano*. Ravenna: Longo Ed.
- Renzi, L. (2007): *Le conseguenze di un bacio. L'episodio di Francesca nella 'Commedia' di Dante*. Bologna: Il Mulino.
- Rubio Tovar, J. (2002): «El viaje de Dante por los cielos», in R. Beltrán Llavador (ed.), *Maravillas, peregrinaciones y utopías: Literatura de viajes en el mundo románico*. València: Universitat de València, pp. 77-97.

Apéndice

Ed ecco un altro di quelli splendori
ver' me si fece, e 'l suo voler piacermi
significava nel chiari di fori.

Li occhi di Bèatrice, ch'eran fermi
sovra me, como pria, di caro assenso
al mio disio certificato fermi.

«Deh, metti al mio voler tosto compenso,
beato spiro», dissi, «e fammi prova
ch'i' possa in te reflecter quel ch'io penso!»

Onde la luce che m'era ancor nova,
del suo profondo, ond'ella pria cantava,
segurette come a cui di ben far giova:

«In quella parte de la terra prava
italica che siede tra Rialto
e le fontane di Brenta e di Piava,

si leva un colle, e non surge molt'alto,
là onde scese già una facella
che fece a la contrada un grande assalto.

D'una radice nacqui e io ed ella:
Cunizza fui chiamata, e qui refulgo
perché mi vinse il lume d'esta stella;

ma lietamente a me medesima indulgo
la cagion de mia sorte, e non mi noia;
che parria forse forte al vostro vulgo.

Di questa luculenta e cara gioia
del nostro cielo che più m'è propinqua,
grande fama rimase; e pria che moia,

questo centesimo anno ancor s'incinqua:
vedi se far si dee l'omo eccellente,
sì ch'altra vita la prima relinqua.

E ciò non pensa la turba presente
che Tagliamento e Adice richiude,
né per esser battuta ancor si pente;
ma tosto fia che Padova al palude
cangerà l'acqua che Vincenza bagna,
per essere al dover le genti crude;

e dove Sile e Cagnan s'accompagna,
tal signoreggia e va con la testa alta,
che già per lui carpir si fa la ragna.

Piangerà Feltro ancora la difalta
de l'empio suo pastor, che sarà sconcia
sì, che per simil non s'entrò in malta.

Troppo sarebbe larga la bigoncia
che ricevesse il sangue ferrarese,
e stanco chi 'l pesasse a oncia a oncia,
che donerà questo prete cortese
per mostrarsi di parte; e cotai doni
conformi fieno al viver del paese.

Sù sono specchi, voi dicete Troni,
onde refulge a noi Dio giudicante;
sì che questi parlar ne paio buoni».

Qui si tacette; e fecemi sembante
che fosse ad altro volta, per la rota
in che si mise com'era davante.

(c. IX, vv. 13-66. Petrocchi 1994: 138-143)